

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Comisión Europea vén de emitir un informe que cuestiona frontalmente a sentenza do Tribunal Supremo que condenou a tres bancos a devolver o diñeiro cobrado polas cláusulas solo só desde maio de 2013.

Bruxelas considera que “Se se lles permitise aos xuíces nacionais moderar á súa discreción as cantidades a devolver (...) estaríase baleirando de contido (...) a directiva e eliminando o efecto disuasorio de dito precepto para os comerciantes”. Así mesmo, o informe indica que “o cesamento no uso dunha determinada cláusula declarada nula por abusiva, como consecuencia dunha acción individual exercitada por un consumidor, non é compatible cunha limitación dos efectos de dita nulidade, salvo que dita limitación sexa necesaria para preservar o principio da cousa xulgada”.

Ademais, a Comisión Europea engade que, segundo os artigos 6.1 y 7.1 da directiva 93/13/CEE, “non é posible que os tribunais nacionais poidan moderar a devolución das cantidades que xa pagou o consumidor en aplicación dunha cláusula declarada nula desde a orixe por defecto de información e/ou transparencia”.

O informe da Comisión foi presentado como alegación ante o Tribunal de Xustiza Europeo, con sede en Luxemburgo. Pero dado que a Comisión é a encargada de velar polo cumprimento da directiva, a súa influencia será decisiva no futuro veredicto.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1) Que esixa ao Goberno do Estado que elabore as modificacións lexislativas necesarias que anulen todas as cláusulas solo en contratos de préstamos con garantía hipotecaria e que esixa deixar de aplicarlas nos contratos nos que xa constan e que se proceda á devolución das cantidades indebidamente cobradas.
- 2) Que esixa ao Goberno do Estado que o Banco de España adopte un papel proactivo e efectivo, incluíndo as modificacións normativas necesarias, na defensa dos consumidores con cláusulas solo abusivas, con efectos retroactivos na súa totalidade, e que desenvolva un plan de inspeccións ás entidades de crédito que as utilicen.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2015.

Asdo. Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/10/2015 19:07:55